

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de xuño de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cincuenta minutos do día catorce de xuño de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(668).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(669).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A ADXUDICACIÓN DA EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPORADA NAS PRAIAS PARA O ANO 2013. EXPTE. 9178/306.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 14.06.13, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar os postos de temporada nos areais do concello de Vigo de acordo coa seguinte distribución:

Lote 2 (Quiosco areal de Santa Baia-Alcabre) a Flamingo Vigo, S.L. por un importe de 2.351,86 euros.

Lote 3 (Quiosco areal Tombo do Gato) a Mónica González Francisco por un importe de 5.128 euros

Lote 4 (Quiosco areal Tombo do Gato) a Marta Lorenzo Barrera por un importe de 13.584,52 euros.

Lote 5 (Quiosco areal Argazada) a Obdulia Lastra Francisco por un importe de 12.025 euros

Lote 6 (Quiosco areal Samil) a Marta Lorenzo Barrera por un importe de 24.281,94 euros.

Lote 7 (Quiosco areal Samil) a Flamingo Vigo, S.L. Por un importe de 26.226,17 euros

Lote 8 (Quiosco areal Samil) a Mónica González Francisco por un importe de 21.128 euros.

Lote 9 (Quiosco areal de o Vao) a Flamingo Vigo, S.L. Por un importe de 25.900,04 euros.

Lote 10 (Quiosco areal de o Vao) a Marta Lorenzo Barrera por un importe de 10.792,47 euros.

2º.- De acordo co disposto na clausula terceira do prego de clausulas administrativas O canon terá que aboarse no prazo dos cinco días seguintes a notificación do acordo de adxudicación e a cantidade final a ingresar polos adxudicatarios será a parte proporcional que resulte dos días que medien entre a data de adxudicación e o 30-09-2013.

3(670).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN, BASES DE PARTICIPACIÓN E CONVOCATORIA DO XIX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL. EXPTE. 5055/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.06.13, o informe de fiscalización do 13.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 15.05.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda e o concelleiro-delegado da área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc para a organización do XIX Festival folclórico internacional.

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de participación ao XIX Festival folclórico internacional e a súa Convocatoria correspondente ao presente ano.

TERCEIRO.- Autorizar un gasto por importe de 63.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación Cultural Interfolc (CIF G-36.892.271), con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0007 (Convenio Festival folclórico internacional – Asociación Interfolc) do programa presupostario de Festas para o exercicio 2013.

CUARTO.- Que o primeiro pagamento (31.500,00 euros) se realice a través da conta de habilitación de FESTAS (2080.5000.61.3110277249), non sendo necesaria a esixencia dun réxime de garantías dos fondos anticipados.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIZACIÓN DO XIX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL

Na Casa do Concello a de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, don Cayetano Rodríguez Escudero, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno de data 8 de febreiro de 2013.

Doutra, don Emilio Sotelino Domarco, como presidente da Asociación Cultural Interfolc, CIF nº G-36.892.271 e enderezo social en Vigo, na rúa Tomás A. Alonso 29 - 5º esq, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 5055/335. En adiante INTERFOLC.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que INTERFOLC ten entre outros fins, segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.

II.- Que o CONCELLO vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

III.- Así as cousas, O CONCELLO no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0007, prevé a concesión dunha subvención nominativa por importe de 63.000,00 euros, a favor da Asociación cultural Interfolc para o desenvolvemento do programa "Festival folclórico internacional".

IV.- Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o

convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

V.- Que INTERFOLC non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 5055/335.

VI.- Que os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución da XIX edición do FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL, que se desenvolverá entre os días 6 e 11 de agosto, ambos inclusive, por cinco barrios da cidade e un acto central.

VII.- Que o CONCELLO e INTERFOLC veñen asinando dende o ano 1995, e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver este festival folclórico, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

VIII.- Que as Bases de participación e Convocatoria para as actuacións descentralizadas do Festival nos barrios e parroquias da cidade figuran como anexo I ao presente convenio, para seren aprobadas xunto a el.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de INTERFOLC, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- INTERFOLC comprométese a colaborar co CONCELLO en canto ao desenvolvemento da programación do XIX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL e, en particular a:

1. Organizar e xestionar o programa do XIX Festival Folclórico Internacional que se achega ao expediente, previa selección dos grupos folclóricos participantes e aceptación da proposta polo persoal técnico do Servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos, e conforme ao seguinte:

- 5 actuacións descentralizadas en barrios e parroquias: coa participación de 2 agrupacións folclóricas internacionais e 1 nacional;
- 8 actuacións de animación nas rúas e prazas da cidade coa participación das 3 agrupacións anteriores;
- 1 actuación central no Auditorio Mar de Vigo, coa participación das 3 agrupacións anteriores, mais 1 agrupación invitada e a participación das 3 agrupacións folclóricas integrantes de INTERFOLC.

O custo total do programa ascende a 63.000,00 euros correspondendo 61.000,00 euros a diferentes conceptos a contratar pola Asociación e 2.000,00 euros aos gastos de organización da Asociación.

2. Coordinar a organización xeral dos festivais descentralizados en barrios e parroquias e relación coas entidades beneficiarias.

3. Participar activamente na organización, realización e execución do festival.

4. Velar para que cada entidade beneficiaria dos festivais desconcentrados en barrios e parroquias cumpran os requisitos recollidos nas bases de participación, que figuran no

anexo I deste convenio, e comunicar de inmediato calquera incidencia ao respecto ao persoal técnico da Concellaría de Festas.

- 5. Xestionar directamente todo o referente aos grupos folclóricos participantes no festival.*
- 6. Contratar os equipos técnicos de megafonía e luces necesarios para o desenvolvemento do festival, nos barrios e parroquias participantes.*
- 7. Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto que se achega ao expediente.*
- 8. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos necesarios, así como realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento do festival.*
- 9. Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa do festival e deste convenio, incluídos os referentes aos dereitos de autor.*
- 10. Presentarlle ao Servizo de Festas a memoria de execución do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto noveno.*
- 11. Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio.*
- 12. Contratar os servizos de Cruz Vermella naqueles casos que sexan necesarios.*
- 13. Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.*
- 14. Responsabilizarse fronte a calquera dano real ou presunto que se cause a terceiros con ocasión do festival, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil. Así mesmo comprométese a formalizar un seguro de accidentes para os integrantes dos grupos folclóricos que participen no festival; para o cal entregará ao CONCELLO copia das pólizas antes do inicio do festival.*
- 15. Organizar os actos centrais da recepción oficial aos grupos participantes no festival, que terá lugar na data e lugar establecidos na convocatoria.*
- 16. Adquirir e entregar os agasallos aos grupos participantes.*
- 17. Cumprir as bases de participación no Festival.*
- 18. Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do festival folclórico.*

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O CONCELLO, pola súa parte, comprométese a:

- 1. Xestionar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local nos distintos barrios participantes no festival.*
- 2. Editar o material gráfico correspondente ao festival (carteis, programas de man e invitacións para o acto central). Calquera actuación publicitaria complementaria con cargo*

ao orzamento deste convenio deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico do Servizo de Festas.

3. Xestionar a reserva das instalacións municipais necesarias para o desenvolvemento do acto central así como colaborar, no seu caso e a instancia de INTERFOLC, na xestión da reserva doutros espazos.

4.- Asumir os custos de produción técnica necesaria para o acto central do Festival, adecuada ás condicións do recinto de celebración.

5.- Conceder directamente a INTERFOLC, unha subvención para a edición 2013 por importe de 63.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución do Festival Folclórico Internacional.

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

INTERFOLC deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.5100.16.3000092046 da entidade NCG BANCO, e da que é titular a entidade beneficiaria, segundo o seguinte detalle:

1. Un primeiro pagamento polo 50% do importe total (31.500,00 euros), en concepto de pago anticipado, antes do inicio do festival. Este pagamento anticipado á entidade farase co fin de que esta poida facer fronte a unha serie de gastos que debe atender de forma previa á realización do festival, relativos á organización do evento (reservas de actuacións das agrupacións participantes, hoteis, desprazamentos das agrupacións, dietas, etc.), sendo necesario facer este pagamento a través da conta habilitada co fin de axillalo, toda a vez que estes gastos ou ben non se poden pospoñer ou ben non é posíbel acadar as facturas necesarias ata o día das actuacións.

2. Un segundo e último pagamento polo 50% restante, que se efectuará por transferencia bancaria á mencionada conta, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao CONCELLO deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- INTERFOLC non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- INTERFOLC debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Noveno.- INTERFOLC, no prazo de trinta días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro de cada programa, datos de participación e asistentes individualizados por programa e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polo servizo de Festas do Concello; a tal fin o persoal técnico deste servizo emitira informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- INTERFOLC deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Os espectáculos folclóricos que se desenvolverán en cada barrio serán destinados ao público en xeral, e o acceso ós mesmos será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto onde se celebren.

Décimo sexto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará os logotipos do Concello de Vigo e de INTERFOLC, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas da Concellería e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico da Concellería de Festas nos propios espectáculos folclóricos programados.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo noveno.- O concelleiro de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo primeiro- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

ANEXO I

BASES DE SOLICITUDES DE ACTUACIÓNS E CONVOCATORIA DO XIX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL

1. A Concellaría de Cultura, Festas e Museos e a Asociación cultural Interfolc, en adiante "Comisión organizadora", están a programar o XIX Festival Folclórico Internacional, creado co obxecto de fomentar, promocionar e achegar o folclore popular á cidadanía.

Por este motivo, ofértanse aquelas entidades interesadas, un espectáculo folclórico que terá lugar entre os días 6 e 11 de agosto de 2013

O número máximo de beneficiarios de actuacións para a presente edición queda limitado a cinco.

2. Poderán inscribirse todas as entidades sen ánimo de lucro e demais persoas xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Entidades non lucrativas de carácter sociocultural e veciñal que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións á data de presentación da solicitude.*
- Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*
- Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos obxectivos establecidos nas presentes bases.*
- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*

3. A solicitude de inscrición realizarase en impreso normalizado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo dende o día 17 de xuño ata as 13:30 horas do día 28 de xuño de 2013, ambos inclusive.

Como criterios de selección establécense:

- a) Orde de inscrición no Rexistro xeral do Concello de Vigo;
- b) Orde de preferencia seguindo as seguintes pautas:
 - Aqueles ámbitos parroquiais tradicionais, ou no seu defecto barrios da cidade, que aínda non teñan recibido ningunha actuación en edicións anteriores do Festival.
 - Aqueles ámbitos parroquiais tradicionais, ou no seu defecto barrios da cidade, que leven máis tempo sen recibir actuacións.

Aquelas solicitudes realizadas antes ou despois do prazo estipulado na correspondente convocatoria non serán admitidas, calquera que fose a causa.

Así mesmo, de haber dúas ou máis solicitudes de entidades pertencentes a un mesmo barrio, parroquia ou zonas xeográficas consideradas pola organización como próximas, realizaríase un sorteo previo entre elas para decidir os lugares de actuación.

4. En ningún caso, o espectáculo folclórico ofertado pola Comisión organizadora poderá coincidir na mesma data e recinto con outro festival, espectáculo ou actividade organizada pola mesma entidade ou asociación beneficiaria. No caso de existiren na proximidade outras instalacións recreativas e atraccións deberán permanecer co volume dos altavoces apagados.

5. As entidades beneficiarias, xunto co recinto de actuación proposto, deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) Escenario: completamente liso e cunhas dimensións mínimas de 10 m de longo x 10 m. de ancho x 1 m. de alto.
- b) Conexión eléctrica (xerador ou enganche oficial) cunha potencia mínima de 100.000 "watios".
- c) Cadeiras para o público asistente conforme ao aforo do lugar.
- d) Camerinos próximos ao escenario, convenientemente equipados e cunha capacidade mínima para 30 persoas cada un deles. Os camerinos deberán estar en perfecto estado de hixiene e contar con auga potábel, perchas, espellos e cadeiras.
- e) Presentador/a do acto, facendo mención breve ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidades que colaboran na execución do programa.
- f) Divulgar e promocionar o evento, así como distribuír o material gráfico que se remita dende a Comisión organizadora para difundir o evento, e incluír os logotipos do Concello de Vigo, Asociación Interfolc e entidade beneficiaria naquel material gráfico e audiovisual que esta edite.
- g) Seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos a terceiros con ocasión do festival.

No caso de que algúns dos elementos citados anteriormente non existan no recinto e vaian ser xestionados pola beneficiaria posteriormente á realización da inscrición (palco, camerinos eventuais, enganche oficial ou xerador...), deberán sinalalo no apartado de "Observacións" do impreso de solicitude, con indicación da xestión que vaian realizar a tal efecto. A presentación da

solicitud de participación supón supón a aceptación das presentes bases xunto co compromiso da entidade de cumprir coas necesidades e requisitos indicados.

6. Os membros da comisión organizadora do festival visitarán os recintos propostos polas entidades beneficiarias, co obxecto de valorar a súa viabilidade para albergar o espectáculo folclórico e poderán proporlle á Concellaría de Cultura, Festas e Museos a desestimación daqueles que non cumpran as necesidades mínimas recomendábeis. Neste caso, tras a resolución da concelleira, o festival pasaría á seguinte entidade solicitante conforme os criterios da cláusula terceira destas bases.

7. A Comisión organizadora achegaralles a cada unha das entidades ou asociacións beneficiarias os seguintes elementos:

a) Equipo de luz e son necesarios para o bo desenvolvemento do festival.

b) Dous grupos folclóricos.

c) Elementos de difusión e publicidade (carteis e programas de man) sobre o festival, cunha antelación mínima de quince días á data de realización do espectáculo.

d) Todo o concernente á organización xeral do festival folclórico.

8. A entidade beneficiaria nomeará unha persoa representante que actuará como única interlocutora válida ante a Comisión organizadora do festival, o que se indicará na propia solicitud de inscrición.

9. A hora de comezo de todos os festivais será ás 21:30 horas, excepto os actos do festival central que terá lugar no Auditorio Mar de Vigo, ás 22:00 horas, salvo que a comisión organizadora determinase o contrario.

10. Cada asociación ou entidade beneficiaria poderá incluír no espectáculo ata un máximo de dous grupos de folclore ou música tradicional, que disporán dun tempo máximo de actuación de quince minutos cada un deles. Este aspecto deberán comunicarllo por escrito á Comisión Organizadora no prazo de 15 (quince) días antes da actuación, coa indicación da denominación dos grupos. En caso contrario, non se permitirá a actuación de ningún grupo a maiores dos achegados pola organización.

11. A data de realización de cada un dos espectáculos folclóricos ofertados será determinada pola Comisión Organizadora, data que se lles comunicaría aos/ás interesados/as cunha antelación mínima de 48 horas. De todos os modos, na solicitud de inscrición cada entidade sinalará a data ou datas que lles resulten máis convenientes.

12. Ao remate de cada espectáculo folclórico, o/a representante da entidade beneficiaria deberá formalizar a "certificación de execución" da actuación, que lle será facilitada pola Comisión organizadora, con indicación das posibles incidencias e suxestións relativas á súa produción.

13. No caso de que algunha das entidades ou asociacións beneficiarias incumprisen algunha das súas obrigas, sobre todo no referente aos apartados cuarto e quinto, o Concello resolverá polos seus propios medios a realización dese espectáculo, e repercutirán os gastos nesa entidade ou asociación, que perderá ademais todo dereito a tomar parte nas dúas seguintes edicións do festival.

14. O concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis eventualidades ou controversias que poidan xurdir, e para tomar iniciativas e decisións que contribúan ao bo desenvolvemento deste festival folclórico.

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO
XIX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL

D/	Dna, _____	NIF _____
En representación da entidade denominada _____		
CIF _____	ENDEREZO _____	NUM _____
CP _____	TFNO _____	FAX _____
CORREO E _____		
Nome do/a coordinador da actividade: _____		
TFNO _____	CORREO E _____	

SOLICITA A SÚA INSCRICIÓN NO XIX FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL, E DECLARA COÑECER E ACEPTAR AS BASES DE PARTICIPACIÓN.

DATOS DO RECINTO DE ACTUACIÓN PROPOSTO:			
☐		LOCALIZACIÓN:	
☐	ESCENARIO:	Ancho: _____	Fondo: _____
			Alto: _____
☐	INSTALACIÓN ELÉCTRICA:	a) ☐ Xerador	☐ Enganche eléctrico
	oficial.		
		b) Potencia máxima: _____ w.	
☐	AFORO DO RECINTO:	_____	
☐	CAMERINOS:	a) ☐ Fixos	☐ Eventuais.
		b) Número: _____	
		b) Capacidade total: _____	

☐ **DATA PREFERENTE:** 6^ª 7^ª 8^ª 10^ª 11^ª
(Sinalar unha ou varias opcións)

☐ **OBSERVACIÓNS:** _____

Vigo, de de 2013
O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE,

EXCMO. SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO.

De acordo co establecido na Lei de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos que figuran nesta comunicación están incluídos nun ficheiro automatizado propiedade do Concello de Vigo. Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, poderán dirixirse en calquera momento á devandita entidade, na Praza do Rei s/n, 36202 Vigo.

4(671).- APROBACIÓN DE MEMORIA E AUTORIZACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DAS CHEMINEAS DOS GRUPOS DE EMERXENCIA DA EBAR DE MONTERO RÍOS”. EXPTE. 2303/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 10.06.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 5.06.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada para executa-las obras de “Renovación das chemineas dos grupos de emerxencia da EBAR de Montero Ríos”, por un importe de 58.238,10€ (IVE EXCLUÍDO), con cargo ás melloras propostas pola concesionaria e sin coste para o Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Autorizar á empresa “Aqualia”, concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, para a realización das obras descritas, segundo o establecido na cláusula quinta do acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011.

5(672).- APROBACIÓN DE MEMORIA E AUTORIZACIÓN DAS OBRAS DE “TRABALLOS DE AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO Á ZONA ALTA DE CABRAL E CANDEÁN”. EXPTE. 2363/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 10.06.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 5.06.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada para executa-las obras de “Traballos de ampliación do Abastecemento á Zona Alta de Cabral e Candeán.”, por un importe de 19,320,46 € (IVE EXCLUÍDO), con cargo ás melloras propostas pola concesionaria e sin coste para o Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Autorizar á empresa “Aqualia”, concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, para a realización das obras descritas, según o establecido na cláusula quinta do acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011.

6(673).- APROBACIÓN DE MEMORIA E CUSTES DO PROXECTO “ACTUACIÓN NAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE DIVERSOS BOMBEOS DA REDE DE SANEAMENTO”. EXPTE. 2344/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 10.06.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 5.06.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada para executa-las obras de “ Actuación nas instalacións eléctricas de diversos bombeos da rede de saneamento. ”, por un importe total de 59.638,98 € (IVE excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

SEGUNDO.- Aprobar os custes asociados ao proxecto por importe de 1.390,74 € (IVE excluído) dacordo co seguinte detalle:

• Redacción do proxecto	1.002,34 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	250,58 €
Suma.....	1.252,92 €
11 % Gastos Xestión.....	137,82 €
Total (IVE excluído).....	1.390,74 €

7(674).- APROBACIÓN DE MEMORIA E CUSTES DO PROXECTO “PAVIMENTACIÓN DO VIAL DE ACCESO Á PRESA DE EIRAS”. EXPTE. 2350/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 11.06.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 5.06.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada para executa-las obras de “ Pavimentación do vial de acceso á Presa de Eiras.”, por un importe total de 44.211,48€ (IVE excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

SEGUNDO.- Aprobar os custes asociados ao proxecto por importe de 1.855,76 € (IVE excluído) dacordo co seguinte detalle:

• Redacción do proxecto	743,05 €
• Asistencia técnica.....	743,05 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	185,76 €
Suma	1.671,86 €
11 % Gastos Xestión	183,90 €
Total (IVE excluído)	1.855,76 €

8(675).- BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE VIGO, EXERCIZO 2013. EXPTE. 6099/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de xurídico do 28.05.13, o informe de fiscalización do 11.06.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 5.06.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as “BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE VIGO, PARA O EXERCICIO 2013” que se achegan no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar, o gasto, por importe de 2.450.000,00 euros (dous millón catrocentos cincuenta mil euros) con cargo á aplicación presupostaria 9240 4890020 denominada “Plan compensación contra a crise” do do vixente exercicio presupostario (2013).

TERCEIRO.- Aprobar os Anexos I ao IV, para a tramitación das solicitudes, que obran no expediente.

CUARTO.- Publicar, unha vez aprobadas, as bases e convocatoria das “AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE VIGO” no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, outros medios e páxina web do Concello de Vigo, conforme ao art. 14.1 da LSG, publicación que determinará o inicio do prazo de 15 días naturais para a presentación de solicitudes.

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE VIGO, PARA O EXERCICIO 2013.

ARTIGO 1. - Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto estruturar e fixar os criterios e o procedemento para a concesión de axudas económicas que permitan superar no posible a situación actual de crise económica ás persoas empadroadas en Vigo que se encontren en situación de grave precariedade económica e risco de exclusión social, cara a afrontar os gastos fixos relacionados coa adquisición de alimentos, vivenda, roupa, etc, e fomentar que os mesmos se realicen prioritariamente no comercio de Vigo.

Esta axuda será compatible con calquera outra que lle fose outorgada á persoa beneficiaria para atender gastos da mesma natureza.

Aos efectos da presente convocatoria de xeito complementario e, tendo en conta que vai dirixida exclusivamente aos veciños e veciñas de Vigo, e coa intención de que o esforzo económico que se esta a realizar desde o Concello de Vigo, para axudar na superación da situación de crise económica actual, se pretende igualmente que o esforzo económico que se realiza, permita prestar apoio ao pequeno comercio establecendo a prioridade de realizar as compras en esta-

blecementos comerciais establecidos na propia cidade, que está a pasar por unha grave situación de crise de vendas, permitindo con elo salvaguardar no posible a pervivencia do mesmo como dinamizador económico dos barrios e parroquias nos que se asienta.

ARTIGO 2. - Réxime de Concesión.

A concesión destas subvencións efectúase mediante un réxime de concorrencia competitiva ata esgotar o crédito existente para tal fin, cos límites máximos propostos.

ARTIGO 3. - Gastos Subvencionables.

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubitado destinarase a adquisición de produtos alimenticios básicos, vivenda, vestiario, etc, prioritariamente en establecementos do pequeno comercio establecidos no termo municipal de Vigo, e se realicen entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2013.

ARTIGO 4. - Contía da Convocatoria.

- O importe total destinado a esta convocatoria para as axudas de manutención e vestiario ascende a 2.450.000,00 euros con cargo á partida presupostaria 9240 4890020 "Plan compensación contra a crise" do presuposto en vigor do ano 2013.*
- O importe da axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, aillada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere mensualmente o importe establecido para o presente ano do salario mínimo interprofesional (645,13 €), de toda a unidade de convivencia.*
- A concesión da axuda non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.*

ARTIGO 5. - Requisitos para ser beneficiario e forma de acreditarlo.

Poderán optar a beneficiarse das axudas reguladas na presente disposición:

- Aquelas persoas ou unidades de convivencia, que se encontren nunha situación de precariedade económica para atender necesidades básicas de subsistencia e que cumpran os seguintes requisitos:*
 - a) Ser maior de 18 anos ou menor emancipado.*
 - b) Que todos/as os membros da unidade de convivencia estean empadroados no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima dun ano desde a publicación da convocatoria de axudas agás os membros nados ou adoptados no seo da mesma nos 12 meses anteriores á convocatoria.*
 - c) Que ningún membro da unidade de convivencia renunciase a calquera axuda regulada á que puidesen ter acceso.*
 - d) Que a renda da Unidade de Convivencia non supere mensualmente o Salario Mínimo Interprofesional (645,30 €).*
 - e) Que ningún membro da Unidade de Convivencia dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o domicilio habitual.*
 - f) Que o importe da renda per capita dos membros da unidade de convivencia, non sexa superior aos 150,00 euros.*
 - g) Que todos os membros da Unidade de Convivencia que se encontren en idade de traballar, estean inscritos como demandantes de emprego no momento de publicación da convocatoria ou estén a traballar, exceptuando aqueles que estean cursando unha actividade formativa regulada.*
 - h) O cumprimento do requisito b) comprobarase durante a instrución do expediente mediante a incorporación das certificacións e informes municipais correspondentes.*
 - i) O cumprimento do apartado d) e g), acreditarase mediante os documentos que han de acompañarse segundo o art.º 6 da presente convocatoria.*

O Concello de Vigo, outorgará a condición de beneficiarios das axudas aos solicitantes que, reúnan os requisitos esixidos, ata o límite que figure na consignación presupostaria aprobada nesta convocatoria.

A ocultación de calquera fonte de renda dará lugar á denegación ou anulación da subvención solicitada ou concedida, así como, a negación a participar en calquera convocatoria de axudas do Concello de Vigo.

Para os efectos previstos nesta convocatoria, defínense os seguintes conceptos:

- Renda Unidade de Convivencia. - A renda da Unidade de Convivencia (RUC) para os efectos da axuda concedida a través da presente convocatoria, obterase pola agregación dos ingresos actuais (os que poidan xustificarse no momento da solicitude) de cada un dos membros computables da unidade de convivencia que obteñan ingresos de calquera natureza.
 1. Entenderase com Unidade de Convivencia todas as persoas empadroadas no mesmo domicilio, agás aquelas que de xeito indubidable demostran que comparten o mesmo domicilio por causas económicas.
- Renta per cápita. - Obterase da división da RUC entre o número total de membros da mesma.

Artigo 6.- Documentación a presentar polos solicitantes.

As solicitudes, acompañadas da documentación esixida, formularanse en modelo oficial (Anexo I), serán dirixidas ao Sr. Alcalde do Concello de Vigo, e deberán estar debidamente cumprimentadas e asinadas polo solicitante e o resto dos membros maiores de idade que formen parte da unidade de convivencia, o que implicará a autorización para que o Concello solicite de oficio a información necesaria sobre os apartados c), d) e g) do art.º 5 da presente convocatoria.

A solicitude, irá acompañada da seguinte documentación:

Anexo I.a "Solicitude": Unha solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, de:

Datos do/a solicitante.

Domicilio a efectos de notificación.

Relación dos e das componentes da unidade de convivencia.

Lugar, data e sinaturas.

Autorización de solicitar información relacionada cos apartados c), d) e g) do art.º 5.

Anexo I.b. "Reverso da solicitude":

Relación dos compenentes da Unidade de Convivencia, con indicación da súa situación e sinatura dos maiores de idade.

Anexo II. Declaración Xurada realizada segundo modelo acreditativo de non estar incurso nas circunstancias de exclusión da condición de beneficiario de subvencións ás que se refire o apartado 2 do art.13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións.

Anexo III: Declaración xurada das axudas solicitados e/ou concedidas,

Anexo IV: Documentación acreditativa dos ingresos da unidade de convivencia:

Traballadores en situación de desemprego:

Orixinal ou copia compulsada da tarxeta de demandante de emprego, no momento da solicitude da axuda.

Orixinal ou copia compulsada da/s resolucións de concesión das axudas económicas recoñecidas e percibidas:

Prestacións contributivas.

Subsidios por desemprego.

Outras axudas (Renta Activa de Integración, RISGA, etc)

Para traballadores por conta allea: seis últimas nóminas.

Para traballadores por conta propia: acreditación do aboamento dos pagamentos a conta dos trimestres pechados á data da solicitude (Modelo 130 ou 131).

Xubilados e pensionistas: resolución do dereito á prestación e comprobante do importe do último ingreso.

Documentación acreditativa da identidade (Fotocopia do DNI ou NIE, de todos os membros da U.C.

Se a solicitude non estivese debidamente cumprida ou non se acompañase a documentación esixida, o Concello requirirá a persoa interesada para que no prazo de 10 días naturais emende o defecto, con indicación de que se non o fixese se entenderá por desistida a súa solicitude.

O Concello poderá solicitar calquera outra documentación que considere oportuno para a adecuada valoración das solicitudes.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á persoa interesada para que subsane a falta no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, co apercibimento de que se non o fai teráselle desistido da súa petición previa resolución.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a persoa interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

ARTIGO 7. - Prazo e lugar de presentación de solicitudes.

A instancia de solicitude xunto coa documentación correspondente presentárase no Rexistro Municipal do Concello de Vigo (Praza do Rei, 1.) en horario de 9:00 a 13:30 de luns a venres, ou en calquera das formas previstas no art.º 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo para as solicitudes será de 15 días naturais que comezará a contar dende o día seguinte á súa publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

ARTIGO 8. - Órganos competentes.

O órgano competente para a instrución do procedemento é a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e para a concesión das axudas á Xunta de Goberno Local.

ARTIGO 9. - Prazo de resolución e notificación.

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder tres meses, contados a partir da publicación da presente convocatoria.

O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra a devandita resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, ou acudir directamente ao recurso contencioso-administrativo, tal e como se regula nos termos previstos na Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común que pon fin á vía administrativa.

ARTIGO 10. - Importe da axuda.

O importe da axuda concedida, será a proporcional correspondente á contía total da convocatoria entre o número total de solicitudes aceptadas.

ARTIGO 11. - Forma de Pagamento.

Unha vez se publíque no Taboleiro de anuncios o listado definitivo de beneficiarios das subvencións, procederase ao aboamento do importe total concedido, mediante cheque bancario.

ARTIGO 12.- Obriga de información.

As persoas beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

ARTIGO 13.- Pérdida do dereito ao cobro: revogación, minoración, nulidade e reintegro das subvencións. Réxime de infraccións e sanción.

- 1. Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da persoa beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:
 - a) As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións.*
 - b) Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.*
 - c) Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.**
- 2. O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á persoa interesada co conseguente trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación e Atención Cidadá.*
- 3. Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a persoa reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.*
- 4. En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

ARTIGO 14.- Tratamento de datos de carácter persoal.

Os datos das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos componentes da unidade de convivencia, serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

ARTIGO 15.- Comisión de avaliación.

Para a avaliación das solicitudes presentadas e conquistar os obxectivos sinalados na presente convocatoria constituirase unha Comisión de avaliación integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia.*
- O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá.*

- *Dous funcionarios/s do servizo de Participación Cidadá, un/unha deles actuará como Secretario/a da Comisión.*

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

ARTIGO 16.- Normativa de aplicación.

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 8/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ARTIGO 17.- A presente convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e naqueles medios que permitan un maior coñecemento da cidadanía.

9(676).- BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER AS NECESIDADES BÁSICAS DE ALIMENTOS E SERVIZOS DE COMEDOR SOCIAL, EXERCIZO 2013. EXPTE. 6106/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de xurídico do 28.05.13, o informe de fiscalización do 10.06.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 7.06.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar as “BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DE ALIMENTOS E SERVIZOS DE COMEDOR SOCIAL, PARA O EXERCICIO 2013.” que se achegan.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto, por importe de 200.000,00 euros (douscentos mil euros) con cargo á partida presupostaria 9240 4890020 denominada “Plan compensación contra a crise” do vixente exercicio presupostario (2013).

TERCEIRO.- Aprobar os Anexos I ao V, para a tramitación das solicitudes, obrantes no expediente.

CUARTO.- Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DE ALIMENTOS E SERVIZOS DE COMEDOR SOCIAL, PARA O EXERCICIO 2013” no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, outros medios e páxina web do Concello de Vigo, conforme ao art. 14.1 da LSG, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes.

CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DE ALIMENTOS E SERVIZOS DE COMEDOR SOCIAL, PARA O EXERCICIO 2013.

ARTIGO 1. - Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto estruturar e fixar os criterios e o procedemento para a concesión de axudas a entidades que teñan entre os seus obxectivos a distribución de alimentos directamente as persoas necesitadas e/ou a través de institucións sin ánimo de lucro e a xestión de comedores sociais destinados a atender necesidades básicas de subsistencia daquelas persoas que se encontren en situación de grave precariedade económica e risco de exclusión social.

Esta subvención será compatible con calquera outra que lle fose outorgada á persoa ou entidade beneficiaria para atender gastos da mesma natureza, e coa finalidade de apoiar ao comercio establecido en Vigo, os gastos subvencionados deberán realizarse obrigatoriamente en comercios de Vigo, salvaguardando no posible a pervivencia do mesmo como dinamizador económico dos barrios e parroquias nos que se asienta.

ARTIGO 2. - Réxime de Concesión.

A concesión destas subvencións efectúase mediante un réxime de concorrencia competitiva ata esgotar o crédito existente para tal fin, cos límites máximos propostos.

Tendo en conta o art.º 22 do Título I da Lei Xeral de Subvencións, se existisen un elevado número de solicitudes que optan á subvención e reúnen os requisitos solicitados para a súa obtención, o órgano competente deberá proceder a valoración individualizada de cada unha das solicitudes cara á concesión polo importe global máximo destinado a as subvencións, entre os beneficiarios, tendo en conta os criterios de valoración establecidos no artigo 6, non podendo en ningún caso superar o crédito presupostario destinado nesta convocatoria.

ARTIGO 3. - Gastos Subvencionables.

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubitado destinarase a adquisición de alimentos, utensillos de cociña, vaixela, louza, cubertos e en xeral aqueles medios necesarios para a distribución de alimentos e realizar servizo de comedor, ditas compras deberán realizarse en comercios establecidos no termo municipal de Vigo, e se realicen entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2013.

ARTIGO 4. - Contía da Convocatoria.

2. O importe total destinado a esta convocatoria para as axudas de manutención ascende a 200.000,00 euros con cargo á partida presupostaria 9240 4890020 "Plan compensación contra a crise" do presuposto en vigor do ano 2013.
3. O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, aillada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.
4. A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

ARTIGO 5. - ANTICIPO A CONTA.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada.

ARTIGO 6. - Requisitos para ser beneficiario e forma de acreditalo.

Poderán optar a beneficiarse das axudas reguladas na presente disposición:

1. *Aquelas entidades sin ánimo de lucro, que teñan entre os seus fines a distribución de alimentos e/ou a xestión de comedores sociais destinados á atención a persoas necesitada, e que cumpran os seguintes requisitos:*
 - a) *Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*
 - b) *Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
 - c) *Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.*
 - d) *Que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social mediante a presentación das correspondentes certificacións nos termos dos art. 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co art. 23 do mesmo.*
 - e) *O interesado poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar dita información tributaria na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). Noutro caso, será preciso achegar a oportuna certificación.*
 - f) *Non estar incursas nalgún dos supostos de prohibición o circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.*
 - g) *Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.*

O Concello de Vigo, outorgará a condición de beneficiarios das axudas Os solicitantes que, reúnan os requisitos esixidos, ata o límite que figure na consignación presupostaria aprobada nesta convocatoria.

No caso de que o montante total das axudas que se pretende conceder en función das solicitudes debidamente presentadas supere a cantidade máxima autorizada para estas axudas, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos baremos que figuran nestas bases.

- a) *Cantidade de alimentos distribuídos no ano 2012 ata 30 puntos.*
- b) *Número de persoas atendidas no comedor social no ano 2012 ata 30 puntos.*
- c) *Estar inscrita no rexistro municipal de asociacións no epígrafe 01 "Socioasistenciais e de intervención social" ata 10 puntos.*

ARTIGO 7. - Obrigas que asumen os beneficiarios/as das subvencións.

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

- *Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a adquisición de alimentos, utensillos de cociña, vaixela, louza, cubertos e en xeral aqueles medios necesarios para a distribución de alimentos e realizar servizo de comedor que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos nas bases.*
- *Para os efectos de difusión pública, en todo o lugar ou lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo, que estará a disposición das entidades no Servizo de Participación e Atención Cidadá para todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o financiamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade, ata a finalización do ano 2013, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento dos gastos de adquisición de alimentos e daqueles medios necesarios para a distribución dos mesmos e realizar servizo de comedor por parte da entidade.*

- *Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados asumindo as obrigas esixibles en cada caso.*
- *Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.*
- *Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.*
- *Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.*
- *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.*
- *Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.*
- *Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.*
- *Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.*
- *Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

Artigo 8.- Documentación a presentar polos solicitantes.

As solicitudes, acompañadas da documentación esixida, formularanse en modelo oficial (Anexo I), serán dirixidas ao Sr. Alcalde do Concello de Vigo, e deberán estar debidamente cumprimentadas e asinadas polo representante da entidade solicitante, o que implicará a autorización para que o Concello solicite de oficio a información necesaria sobre os apartado e) do art.º 6 da presente convocatoria.

A solicitude, irá acompañada da seguinte documentación:

Anexo I.b "Solicitude": Unha solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, de:
Datos da entidade solicitante.
Datos do/a representante legal.
Domicilio a efectos de notificación.
Contía solicitada.
Lugar, data, sinatura e selo

Anexo II: Declaración xurada de cumprimento dos requisitos.

Anexo III: Ficha de solicitude de transferencia bancaria.

Anexo IV: Declaración xurada das axudas solicitados e/ou concedidas.

Anexo V: Declaración xurada dos alimentos e/ou persoas atendidas durante o ano 2012.

Fotocopia compulsada do CIF da entidade.

- *Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se nos indique o número de expediente no que obran. Non será preciso a súa presentación, no caso dos certificados de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria mediando autorización da entidade solicitante para a obtención da información tributaria por medios informáticos ou telemáticos. En todo caso, o Servizo de Participación Cidadá comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.*
- *Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos da entidade que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.*

- Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 35.f) da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC, en relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.
- O departamento convocante pode requirir, canda outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.
- Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que subsane a falta no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, co apercibimento de que se non o fai teráselle desistido da súa petición previa resolución.
- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, desistimento que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

ARTIGO 9. - Prazo e lugar de presentación de solicitudes.

A instancia de solicitude xunto coa documentación correspondente presentárase no Rexistro Municipal do Concello de Vigo (Praza do Rei, 1.) en horario de 9:00 a 13:30 de luns a venres, ou en calquera das formas previstas no art.º 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo para as solicitudes será de 10 días naturais que comezará a contar dende o día seguinte á súa publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

ARTIGO 10. - Órganos competentes.

O órgano competente para a instrución do procedemento é a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e para a concesión das axudas á Xunta de Goberno Local.

ARTIGO 11. - Prazo de resolución e notificación.

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder tres meses, contados a partir da publicación da presente convocatoria.

O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima aos interesados servirá para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra a devandita resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, ou acudir directamente ao recurso contencioso-administrativo, tal e como se regula nos termos previstos na Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común que pon fin á vía administrativa.

ARTIGO 12. - Forma de Pagamento.

1. Abonarase o anticipo conforme ao establecido no artigo 4.
2. O resto da axuda ingresarase unha vez xustificada a axuda, conforme establece o artigo 13.

ARTIGO 13. - Xustificación.

A beneficiaria, poderá xustificar ata o día 15 de novembro de 2013, o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

Ao abeiro do establecido no art.º 30.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, os gastos relacionadas coas axudas obxecto desta convocatoria, acreditaranse mediante:

1. Memoria de actividades realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:

a) Financiamento.

- Dous exemplares do material de información, boletíns e publicidade relacionada coa axuda.
- Memoria de prensa e comunicación.
- Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.
- A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.
- As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013.
- Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

b) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos previsto no artigo 31.7.f) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto, se as obrantes no expediente de concesión, seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

c) Non será preciso achegar os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria, se a entidade autorizou, expresamente, ao Concello de Vigo para a súa expedición por medios telemáticos ou informáticos.

d) En todo caso, o Servizo de Participación a Atención comprobará de oficio que as entidades solicitantes das subvencións están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.

e) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar fotocopia compulsada da resolución de concesión das mesmas.

ARTIGO 14.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

ARTIGO 15.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

- *Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:*
 - *A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido.*
 - *A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos do artigo 13.*
 - *As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións.*
 - *Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento.*
 - *Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases.*
 - *Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.*
 - *Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.*
 - *O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación e Atención Cidadá.*

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

- *Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa dos gastos subvencionados, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.*
- *Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a persoa ou entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.*
- *En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

ARTIGO 16.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Participación e Atención Cidadá do Concello de Vigo.

ARTIGO 17.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN.

Para a avaliación das solicitudes presentadas e conquistar os obxectivos sinalados na presente convocatoria constituirase unha Comisión de avaliación integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia.
- O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá.
- Dous funcionarios/s do servizo de Participación Cidadá, un/unha deles actuará como Secretario/a da Comisión.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

ARTIGO 18.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES

O persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación.

ARTIGO 19.- Normativa de aplicación.

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 8/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ARTIGO 20.- A presente convocatoria, cuxas contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

10(677).- PROGRAMA DE CAMPAMENTOS DE VERÁN XOVE 2013. EXPTE. 3926/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.06.13, dáse conta do informe-proposta asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e polo xefe de Medio Ambiente, do 10.06.13, conformado pola

concelleira delegada de Xuventude e pola concelleira delegada de Facenda, que di o seguinte:

INTRODUCCIÓN

O Concello de Vigo, a través do seu programa Verán Xove 2013, pon en marcha os campamentos e actividades da época estival, co obxecto de ofertar un tempo de lecer educativo dentro da propia cidade. Ademais, preténdese favorecer o emprego e a participación xuvenil, así como facilitar a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das mulleres e dos homes.

Este ano, e como novidade, realizarase unha actividade diaria en inglés en cada un dos espazos.

Dentro da programación de Verán Xove 2013 existen tres grandes bloques de actividades:

I.- Campamentos urbanos

II.- Ludotecas

III.- Actividades xuvenís

Ao final do folleto atópase un resumo da programación e dos enderezos de interese.

COMO ACCEDER ÁS ACTIVIDADES DE VERÁN XOVE 2013

As actividades de Verán Xove 2013 van dirixidas á poboación infantil e xuvenil da cidade de Vigo. Polo tanto, é requirimento imprescindible estar empadroad/a no Concello de Vigo.

O procedemento para inscribirse varía dependendo do bloque ao que pertenza a actividade:

I.- Campamentos urbanos

Actividades na cidade para rapaces e rapazas de Vigo e con idades comprendidas entre os 4 e os 17 anos (ver o apartado "idade" ou "ano de nacemento" en cada unha das actividades).

II.- Ludotecas

Espazos lúdico-educativos onde aprender xogando.

Inscricións: presencialmente no espazo elixido e ata cubrir prazas (ver enderezos e horarios de cada unha delas).

III.- Actividades xuvenís.

Actividades desenvolvidas e dirixidas por e para o público xuvenil (13 a 35 anos).

Haberá algunhas actividades que precisen inscrición previa por motivos de organización. Esta información, xunto coa programación específica de cada espazo, estará dispoñible na web da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo coa antelación suficiente.

I CAMPAMENTOS URBANOS

1. ACAMPADA EN VIGOZOO:

- a) **Actividades:** coñecemento e observación dos animais e o seu modo de vida, roteiros, orientación pola natureza, safari fotográfico, planetario, escalada, xogos, obradoiros, veladas...
- b) **Horario:** dende as 10:00 do luns ata a tarde do venres (con durmida en literas e comidas incluídas)
- c) **Ano nacemento:** 2001-2005
- d) **Lugar:** VigoZoo (Praza dos Leóns. Madroa - Teis)

Codigo	Actividade	Datas	Prezo
--------	------------	-------	-------

VGZ-11	Acampada en VigoZoo	Do 24 ao 28 de xuño	108€
VGZ-12	Acampada en VigoZoo	Do 1 ao 5 de xullo	108€
VGZ-13	Acampada en VigoZoo	Do 8 ao 12 de xullo	108€

1. AVENTURA NÁUTICA EN VIGOZOO:
2. Actividades: kajak, vela lixeira, rocódromo, xogos, obradoiros
3. Horario: dende as 9:00h. do luns ata as 20:00h do mércores (con durmida en literas e comidas incluídas)
 - a) Ano nacemento: 2001-2005
 - b) Lugar: VigoZoo e pavillón da ETEA

Código	Actividade	Datas	Prezo
VGZ-21	Aventura en VigoZoo	Do 15 ao 17 de xullo	65€
VGZ-22	Aventura en VigoZoo	Do 22 ao 24 de xullo	65€
VGZ-23	Aventura en VigoZoo	Do 29 ao 31 de xullo	65€

4. INMERSIÓN LINGÜÍSTICA EN INGLÉS:
 - a) Actividades: bailes, cancións, xogos de pistas e outras actividades a través de novas tecnoloxías, etc. Todo elo impartido por monitores/as nativos/as e bilingües para aprender e/ou mellorar o dominio da lingua inglesa.
 - b) Ano nacemento: 2001-2005
 - c) Horario: 9:00 a 19:00h. de luns a venres. Posibilidade de atención matinal de 8:00. (Levar comida da casa/posibilidade de comer na cafetería).
 - d) Lugar: VigoZoo

Código	Actividade	Datas	Prezo
VGZ-31	VigoZoo en Inglés	Do 1ao 14 de agosto	95€

1. VERÁN EN BOUZAS:
 - a) Actividades: xogos (de humor, praia, auga, mímica, musicais, cidade...), concursos, obradoiros (pintura, reciclaxe, maquillaxe, alimentación, arte postal...), xincanas, contos, festas, saídas.
 - b) Ano nacemento: 2001-2009
 - c) Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h
 - d) Lugar: Pavillón de Bouzas (R/ Eduardo Cabello s/n)

Código	Actividade	Datas	Prezo
VEB-11	Verán en Bouzas (14 días)	Do 25 de xuño ao 12 de xullo	56€
VEB-12	Verán en Bouzas (10 días)	Do 29 de xullo ao 9 de agosto	40€
VEB-13	Verán en Bouzas (10 días)	Do 26 de agosto ao 6 de setembro	40€
VEB-14	Verán en Bouzas (9 días)	Do 15 ao 26 de xullo (agás o 25)	36€
VEB-15	Verán en Bouzas (8 días)	Do 12 ao 23 de agosto (agás 15 e 16)	32€

1. VERÁN EN SAMIL:
 - a) Actividades: baños e xogos na praia, actividades deportivas, obradoiros, xincanas, teatro, excursións, festas...
 - b) Ano nacemento: 2001-2009
 - c) Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

d) Lugar: Complexo Deportivo de Samil (Avda. Samil s/n)

Código	Actividade	Datas	Prezo
VES-11	Verán en Samil (14 días)	Do 25 de xuño ao 12 de xullo	56€
VES-12	Verán en Samil (10 días)	Do 29 de xullo ao 9 de agosto	40€
VES-13	Verán en Samil (10 días)	Do 26 de agosto ao 6 de setembro	40€
VES-14	Verán en Samil (9 días)	Do 15 ao 26 de xullo (agás o 25)	36€
VES-15	Verán en Samil (8 días)	Do 12 ao 23 de agosto (agás 15 e 16)	32€

1. VERÁN NÁUTICO NA ETEA:

- Actividades: náuticas (vela lixeira, deportes de arrastre, kaiak...) e terrestres (grandes xogos, saídas culturais, obradoiros...).
- Ano nacemento: 1996-2005
- Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h
- Lugar: ETEA

Código	Actividade	Datas	Prezo
VNE-11	Verán Náutico na Etea	Do 1 ao 12 de xullo	70€
VNE-12	Verán Náutico na Etea	Do 15 ao 26 de xullo (agás o 25)	63€

1. VERÁN MARIÑEIRO:

- Actividades: Actividades de navegación en piraguas e en embarcacións tradicionais no entorno das praias de Bouzas e Alcabre; baño, xogos e comida na praia; visita a efectos navais, aspectos de cultura marítima, percorrido polas rúas de Bouzas e visita guiada ao Museo do Mar
- Ano nacemento: 2000-2006
- Horario: 10:00 a 18:00h, de luns a venres (Levar comida da casa). Posibilidade de entrar ás 9:00h.
- Lugar: A.V. Bouzas (R/ do Pazo, 2)

Código	Actividade	Datas	Prezo
VMB-11	Verán Mariñeiro	Do 1 ao 5 de xullo	48€
VMB-12	Verán Mariñeiro	Do 8 ao 12 de xullo	48€
VMB-13	Verán Mariñeiro	Do 15 ao 19 de xullo	48€
VMB-14	Verán Mariñeiro	Do 22 ao 26 de xullo	48€
VMB-15	Verán Mariñeiro	Do 29 de xullo ao 3 de agosto	48€
VMB-16	Verán Mariñeiro	Do 5 ao 9 de agosto	48€
VMB-17	Verán Mariñeiro	Do 19 ao 23 de agosto	48€
VMB-18	Verán Mariñeiro	Do 26 ao 30 de agosto	48€

1. VERÁN EN VIGOSÓNICO:

- Actividades: artísticas (fotografía, música, audiovisuais, bailes...), deportivas, ambientais... a través de obradoiros, xincanas, xogos, festas...
- Ano nacemento: 2001-2009
- Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h
- Lugar: VigoSónico (Estrada do Portal s/n – Parque Tecnolóxico de Valadares)

Código	Actividade	Datas	Prezo
--------	------------	-------	-------

1. VERÁN MÁXICO EN VIGO:

- a) *Actividades: xogos, obradoiros, bailes para crear o máximo mundo dos experimentos, da auga, do espazo, dos xoguetes, das bruxas e fadas, da natureza, da historia, dos sentidos, da moda e da arte.*
- b) *Ano nacemento: 2001-2009*
- c) *Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h*
- d) *Lugar: CEP Doutor Fleming (R/ Ourense, 15)*

Código	Actividade	Datas	Prezo
VMV-11	Verán Máxico en Vigo	Do 1 ao 12 de xullo	40€
VMV-12	Verán Máxico en Vigo	Do 15 ao 26 de xullo (agás o 25)	36€

1. VERÁN NO CASTRO:

- a) *Actividades: Olimpíadas romanas, xincana medieval no Berbés, embarcacións tradicionais, pistas no xardín de Castrelos, gran xogo "De que época es ti?", obradoiros de igualdade e xénero e outras moitas actividades de expedición por Vicus.*
- b) *Ano nacemento: 1999-2007*
- c) *Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo de friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h*
- d) *Lugar: Súbete ó Castro. Parque do Castro (ao carón da pista de bicicletas)*

Código	Actividade	Datas	Prezo
VNC-11	Verán no Castro	Do 1 ao 12 de xullo	40€
VNC-12	Verán no Castro	Do 15 ao 26 de xullo (agás o 25)	36€
VNC-13	Verán no Castro	Do 29 de xullo ao 9 de agosto	40€
VNC-14	Verán no Castro	Do 12 ao 23 de agosto (agás 15 e 16)	32€
VNC-15	Verán no Castro	Do 26 de agosto ao 6 de setembro	40€

1. VIAXE POLO MUNDO

- a) *Actividades: distintas costumes e tradicións a través de xogos, deportes, xincanas, olimpíadas, obradoiros, contacontos, deseño e debuxo, globoflexia, manualidades, bailes e danzas...*
- b) *Ano nacemento: 2001-2009*
- c) *Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h.*
- d) *Lugar: Ludoteca da Casa da Xuventude (López Mora, 31)*

Código	Actividade	Datas	Prezo
VPM-11	Viaxe polo Mundo	Do 1 ao 14 de agosto	40€

1. CAMPAMENTO URBANO

- a) *Actividades: Obradoiros, xogos, deportes, música, teatro, saídas e moitas outras sorpresas.*
- b) *Ano nacemento: 1999-2005*
- c) *Horario: 10:00 a 13:30 e de 17:00 a 20:00h.*
- d) *Lugar: Pavillón Central das Travesas*

Código	Actividade	Datas	Prezo
CUT-11	Campamento Urbano	Do 29 de xullo ao 9 de agosto	Gratuito

II LUDOTECAS

a) LUDOTECA CASA DA XUVENTUDE:

- *Datas: xuño e xullo*
- *Idade: 7 a 12 anos*
- *Horario: De luns a venres (16:30-20:30h.). A partir do 25 de xuño, de 8:00 a 16:00h.*
- *Lugar: Casa da Xuventude. R/ López Mora, 31 - Baixo*
- *Prezo: gratuíto, agás excursións (con inscrición específica previa)*
- *Inscricións: no local da ludoteca*

a) LUDOTECA COIA:

- *Datas: xuño e xullo*
- *Idade: 7 a 12 anos*
- *Horario: de luns a venres (16:30-20:30h.). A partir do 25 de xuño, de 8:00 a 16:00h.*
- *Lugar: Pavillón de Coia. Avda. Castelao s/n*
- *Prezo: Gratuíto, agás excursións (con inscrición específica previa)*
- *Inscricións: na propia ludoteca*

a) LUDOTECA CALVARIO:

- *Datas: xuño e xullo*
- *Idade: 4 a 10 anos*
- *Horario: De luns a venres de 17:00-20:00h. No mes de xullo, de 9:30 a 13:30.*

Só poderán asistir 2 días á semana e por orde de entrada ata cubrir cota.

- *Lugar: R/ Sagunto, 86*
- *Prezo: Gratuíto, agás excursións (con inscrición específica previa)*
- *Inscricións: na propia ludoteca*

a) LUDOTECA CORUXO:

- *Datas: xuño e xullo*
- *Idade: 6 a 12 anos*
- *Horario: De luns a venres (16:00-20:00h.). A partir do 25 de xuño, de 9:30 a 13:30h*
- *Lugar: CEIP A Paz-Tintureira (Estrada Fragoselo,42 - Coruxo)*
- *Prezo: 5€/mes*
- *Inscricións: na propia ludoteca*

a) LUDOTECA LAVADORES:

- *Datas: xuño e xullo*
- *Idade: 6 a 12 anos*
- *Horario: De luns a venres de 16:30-20:30h. A partir do 25 de xuño, de 9:30 a 13:00h*
- *Lugar: A.V. Lavadores. R/ Ramón Nieto, 302*
- *Prezo: Gratuíto, agás excursións (con inscrición específica previa)*
- *Inscricións: na propia ludoteca*

III ACTIVIDADES XUVENÍS

1. CASTROCONCERTOS:

- a) *Horario: Os venres e sábados, a partir das 23:00h.*
- b) *Lugar: No monte do Castro, ao carón da pista de bicicletas*
- c) *Actividades: Concertos ao aire libre. (Suspenderanse en caso de choiva).*
- d) *Prezo: Gratuíto*

1. SÚBETE AO CASTRO:

- a) *Horario: Luns a xoves de 17:00 a 21:00h. e venres e sábados de 17:00 a 23:00h.*
- b) *Lugar: Monte do Castro*
- c) *Idades: De 13 a 35 anos*
- d) *Actividades: internet, wifi, obradoiros, radioweb, actividades deportivas, festas, artes escénicas...*
- e) *Prezo: Gratuíto.*

2. VIGOSÓNICO:

- a) *Horario: Martes a domingo de 16:00 a 22:00h.*
- b) *Lugar: Estrada do Portal s/n. Parque Tecnolóxico de Valadares*
- c) *Idades: De 13 a 35 anos*
- d) *Actividades: Acceso a internet, wifi, cursos, xogos, obradoiros, fútbolín, tenis de mesa, dardos, Play Station 3, actividades deportivas, ensaios musicais, concertos...*
- e) *Prezo: Gratuíto.*

LUGARES:

Casa da Xuventude:

R/ López Mora, 31 – 36206 Vigo.

Tlf.: 986 294 806

Web: www.xuventudevigo.org

Correo-e: xuventude@vigo.org

Horario: de luns a venres de 9:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00h.

Punto Xove:

R/ López de Neira, 27 – 36202 Vigo

Tlf. 986 223 004

Correo-e: puntoxove@vigo.org

Horario: de luns a venres de 9:30 a 14:00 e de luns a xoves de 17:00 a 20:00h.

Súbete ó Castro:

Monte do Castro. Paseo dos Cedros s/n

Tlf. 986 485 541

Correo e: subeteocastro@xuventudevigo.org

Horario: de luns a xoves de 17:00 a 21:00. Venres e sábados de 17:00 a 23:00h.

VigoSónico:

Estrada do Portal s/n. Parque Tecnolóxico de Valadares

Correo e: vigosonico@vigo.org

Tlf. 608 848 989

Horario: de martes a domingo de 16:00 a 22:00h.

VigoZoo:

Praza dos Leóns s/n. Madroa - Teis
Correo e: vigozoo@vigo.org
Tlf. 986 26 77 83/84

Ludotecas:

- Casa da Xuventude: R/ López Mora, 31. Tlf. 986 294 806
- Coia: Pavillón Municipal Deportes de Coia. Avda. Castelao, s/n. Tlf. 986 242 737
- Calvario: R/ Sagunto, 86 . Tlf. 986 261 098
- Lavadores: A.V. Lavadores. R/ Ramón Nieto, 302. Tlf. 986 379 618 ou 652 146 403
- Coruxo: CEIP A Paz-Tintureira (Estrada Fragoselo, 42 – Coruxo)
- VigoZoo: Praza dos Leóns s/n. Madroa – Teis Tlf. 986 26 77 83/84

Outros enderezos:

- Pavillón Polideportivo Bouzas: Rúa Eduardo Cabello s/n
- Pavillón Central das Travesas: Avda. Castrelos, 1
- Complexo Deportivo Samil: Avda. Samil s/n
- C.E.P. Doutor Fleming: Rúa Ourense, 15
- A.V. Bouzas: Rúa do Pazo, 2

Para os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, en base ao programa exposto, está previsto que dende a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo se oferten un total de 2.016 prazas de campamentos urbanos para os nenos e nenas de idades comprendidas entre 4 e 14 anos e 1.550 prazas de ludotecas. A Concellería de Política do Benestar Social oferta 300 prazas para campamentos de discapacidade e a Concellería de deportes 200 prazas en campamentos deportivos. O total de prazas de actividades de verán que oferta o Concello de Vigo ascende a 4.066.

O orzamento da actividade a desenvolver polo Concello ascende a un total de 125.018,52 euros, dos cales 114.119 € € deberán ser consignados con cargo á partida 3370 2279912 do orzamento de Xuventude e 10.900 € con cargo á partida 4930 2279900 do orzamento da OMIC (Escola de Consumo)

A organización municipal da actividade de Campamentos de Verán Xove 2013, non impide a súa financiación de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os participantes, o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos no fomento do interese e participación mais activa, no desenvolvemento da actividade educativa, habida conta do incremento do custe que supón á atención profesionalizada nun horario extenso.

Tendo en conta o exposto, e considerando unha horquilla de asistencia de 2.016 prazas de nenos e nenas en campamentos, resultan uns ingresos dos/as usuarios/as que ascenden a 83.444 €

Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local o programa, serán tramitados os correspondentes contratos menores para cada unha das actividades que así o requiran.

En canto ao nº de prazas, os orzamentos , a aportación municipal, así como a aportación das familias detállase na seguinte táboa:

Por todo elo, e en base ao anteriormente exposto, fórmulase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

VERÁN XOVE 2013											V1. 230412			
Campamento	Sede	Duración	Horarios	Idades	Quendas	Prazas/Optal	Prazas/Prezo/Praz	Total	v. Xuven	Total Subv. Xuven	Prezo Fam	Total fam		
Verán en Bouzas (BM Educación)	Pavillón Bouzas	10 días (luns a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	2	50	100	75,00	7.500,00	35,00	3.500,00	40,00	4000	
Verán en Bouzas (BM Educación)	Pavillón Bouzas	9 días (luns a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	1	50	50	68,00	3.400,00	32,00	1.600,00	36,00	1800	
Verán en Bouzas (BM Educación)	Pavillón Bouzas	8 días (luns a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	1	50	50	60,00	3.000,00	28,00	1.400,00	32,00	1600	
Verán en Bouzas (BM Educación)	Pavillón Bouzas	14 días (martes a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	1	50	50	105,00	5.250,00	49,00	2.450,00	56,00	2800	
Verán en Samil (GOF)	Pavillón Samil	10 días (luns a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	2	50	100	75,00	7.500,00	35,00	3.500,00	40,00	4000	
Verán en Samil (GOF)	Pavillón Samil	9 días (luns a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	1	50	50	68,00	3.400,00	32,00	1.600,00	36,00	1800	
Verán en Samil (GOF)	Pavillón Samil	8 días (luns a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	1	50	50	60,00	3.000,00	28,00	1.400,00	32,00	1600	
Verán en Samil (GOF)	Pavillón Samil	14 días (martes a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	1	50	50	105,00	5.250,00	49,00	2.450,00	56,00	2800	
Verán Náutico na ETEA (Tierra y Mar)	ETEA	10 días (luns a venres)	8:00-15:00	8-17 anos	1	48	48	141,00	6.768,00	71,00	3.408,00	70,00	3360	
Verán Náutico na ETEA (Tierra y Mar)	ETEA	9 días (luns a venres)	8:00-15:00	8-17 anos	1	48	48	127,00	6.096,00	64,00	3.072,00	63,00	3024	
Verán mariñeiro (Turnatur)	A.V. Bouzas	5 días (luns a venres)	10:00-18:00	7-13 anos	8	30	240	63,80	15.312,00	15,80	3.792,00	48,00	11520	
Verán en Vigo Sónico (Xoma)	Vigo Sónico	10 días (luns a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	1	50	50	75,00	3.750,00	35,00	1.750,00	40,00	2000	
Verán en Vigo Sónico (Xoma)	Vigo Sónico	9 días (luns a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	1	50	50	68,00	3.400,00	32,00	1.600,00	36,00	1800	
Verán Máxico en Vigo (Mekané)	C.Doutor Fleming	10 días (luns a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	1	50	50	75,00	3.750,00	35,00	1.750,00	40,00	2000	
Verán Máxico en Vigo (Mekané)	C.Doutor Fleming	9 días (luns a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	1	50	50	68,00	3.400,00	32,00	1.600,00	36,00	1800	
Verán no Castro (Imaxina)	Monte do Castro	10 días (luns a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	3	30	90	75,00	6.750,00	35,00	3.150,00	40,00	3600	
Verán no Castro (Imaxina)	Monte do Castro	9 días (luns a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	1	30	30	68,00	2.040,00	32,00	960,00	36,00	1080	
Verán no Castro (Imaxina)	Monte do Castro	8 días (luns a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	1	30	30	60,00	1.800,00	28,00	840,00	32,00	960	
Campamento Urbano (Abertal)	Pav. Travesas	10 días (luns a venres)	10-13 e 14	8-14 anos	1	450	450	33,33	15.000,00	33,33	15.000,00	0,00	0	
Viaxe polo Mundo (Exodega)	Casa Xuventude	10 días (luns a venres)	8:00-15:00	4-12 anos	1	30	30	75,00	2.250,00	35,00	1.050,00	40,00	1200	
Acampada en Vigo Zoo	Vigo Zoo	5 días (luns a venres)	Día comp	8-12 anos	3	50	150					108,00	16200	
Bautismo de Mar	Vigo Zoo	3 días (luns a venres)	8:00-16:00	6-12 anos	3	50	150		6.600,00			65,00	9750	
Vigo Zoo en Inglés	Vigo Zoo	10 días (luns a venres)	9:00-19:00	8-12 anos	1	50	50	196,05	9.802,50	101,05	5.052,50	95,00	4750	
TOTAL								2.016	125.018,52		60.924,50		83444	

Primeiro.- Aprobar o programa de Campamentos de Verán Xove 2013, redactado polo Servizo de Xuventude en data 3 de maio de 2012, que recolle un total de 2.016 prazas de campamentos, 1.550 prazas de ludotecas, 300 prazas ofertadas pola Concellería de Política do Benestar Social para campamentos de discapacidade e 200 prazas ofertadas pola Concellería de Deportes en campamentos deportivos. O total de prazas de actividades de verán para nenos e nenas que oferta o Concello de Vigo ascende a 4.066.

O orzamento total das actividades organizadas dende a Concellería de Xuventude ascende a 125.018,52 euros, dos cales 114.119 € € deberán ser consignados con cargo á partida 3370 2279912 do orzamento de Xuventude e 10.900 € con cargo á partida 4930 2279900 do orzamento da OMIC (Escola de Consumo) e a súas bolsas de vinculación, sen que a utilización das outras partidas da bolsa de vinculación afecten ao normal funcionamento do servizo.

Segundo.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante de conformidade co informe que contén o programa”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.